



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Cedeira

Data: 13/11/24 14:30:05

Exposición: 13/11/24 14:30:05 a 31/12/24 23:59:59

Anuncio

INTERVENCION

MODIFICACIÓN BASES LIBRE CONCORRENCIA SUBVENCÍONS SOCIOCULTURALS ANO 2024

Información:

EXP: 2024/G006/000334

ANUNCIO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO PARA A REALIZACIÓN DE GASTOS E XUSTIFICACIÓN NAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E ASOCIACIÓN SOCIOCULTURALS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA O ANO 2024.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 08 de novembro de 2024, aprobouse a modificación da cláusula décima das bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións destinadas a entidades e asociacións socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, quedando redactada do seguinte xeito:

“Décima. Prazo e forma de xustificación. O orzamento a xustificar será o importe total da subvención concedida. A data límite para executar a subvención outorgada será o 31 de decembro de 2024. O lapso temporal ao que deben referirse os gastos xustificables, incluíndo o pagamento, é o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

O prazo de xustificación remata o 31 de decembro de 2024 e a xustificación realizarase mediante a presentación na sede electrónica (<https://sede.cedeira.gal> [sxc/sites/cedeira/]) mediante unhas solicitudes xerais acompañadas da seguinte documentación:



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Cedeira
Data: 13/11/24 14:30:05

Exposición: 13/11/24 14:30:05 a 31/12/24 23:59:59

* Memoria da realización do programa ou actividade (Anexo D) e/ou memoria da realización dos investimentos (Anexo C).

* Relación dos gastos subvencionados e dos ingresos obtidos para financeiros (Anexo E).

* Facturas orixinais ou copias compulsadas, que deberán cumprir os seguintes requisitos:

- * Os conceptos expresados nos xustificantes de gasto deberán ser obrigatoriamente os que foron motivo de subvención.
- * A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.
- * A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.

*

Xustificantes bancarios do pagamento das facturas. Só se admitirán pagamentos efectivos cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 euros e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.

*

Nos casos de gastos de persoal, nóminas, xustificantes da cotización á Seguridade Social e xustificantes bancarios do seu pagamento.



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Cedeira

Data: 13/11/24 14:30:05

Exposición: 13/11/24 14:30:05 a 31/12/24 23:59:59

* Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades con indicación de importe (Anexo E).

* Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida (Anexo E).

-
Declaración responsable de estar a ocorrer e non cumprir mentodas obrigas tributarias e coa seguridade social, autorizan do comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse a ocorrer as obrigas tributarias e coa Seguridade Social (Anexo E). No caso de non autorizar a comprobación polo Concello, deberá achegar os certificados acreditativos desta circunstancia.

* Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira. No caso de que os eventos subvencionados fosen executados con anterioridade á publicación destas bases, o cumprimento da obriga de difusión pública considerase cumprida mediante anuncio nun diario ou periódico no que se informe publicamente da subvención do Concello e das actividades subvencionadas.

* Carteis, anuncios, folletos, panfletos, publicidade nas páxinas web das



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Cedeira
Data: 13/11/24 14:30:05

Exposición: 13/11/24 14:30:05 a 31/12/24 23:59:59

actividades realizadas
en2024obxecto da subvención”